
Entornos de Trabajo Colaborativo ou Groupware Environment

- Actualizado (24.08.2006)

¿Que é un entorno de traballo Colaborativo?

Un Entorno de Trabajo Colaborativo ou Groupware Environment, é unha aplicación informática (servidor) instalada nun ordenador á que accedemos normalmente mediante un navegador web (cliente).

¿Para que sirven os Entornos de Trabajo Colaborativo?

Os entornos de traballo colaborativo ou groupware environment, permiten e facilitan o traballo colaborativo entre grupos de persoas distribuídas fisicamente. Polo tanto, este tipo de ferramentas facilitan a comunicación tanto síncrona como asíncrona e o traballo cooperativo (a través de ordenadores) xa sexa entre alumnos/as, entre profesores/as ou entre investigadores.

Estes entornos son moi utilizados por investigadores para levar a cabo proxectos con colegas de diferentes comunidades autónomas ou países.

Funcionalidades dos Entornos de Trabajo Colaborativo.

Un entorno de traballo colaborativo permite a un grupo de persoas acceder a un determinado espacio virtual onde poden compartir calquera tipo de documentos, podendo cada un dos membros do grupo de traballo revisar os documentos, versionalos, calificalos, modificalos, etc., quedando rexistrada a data da última modificación e podendo acceder tamén ó historial das diferentes versións realizadas. Ademáis, estes entornos dispoñen de ferramentas de comunicación en tempo real (chat ou audiconferencia) como en diferido (correo electrónico), o que permite programar reunións para os integrantes dun mesmo grupo.

Algunhas das funcionalidades das que dispoñen os entornos de traballo colaborativo son:

- Creación de diferentes grupos de traballo.
- Compartir documentos.
- Versionar documentos.
- Ferramentas de comunicación síncrona.
- Ferramentas de comunicación asíncrona.
- Axenda.
- Etc.

Actualmente hai ferramentas como é o caso de Yahoo Groups, MSN Groups ou Google Groups que emulan o funcionamento de forma sinxela do que podería ser un entorno de traballo colaborativo. Este tipo de aplicacións dispoñen de:

- Espacio para compartir documentos.
- Foros.
- Correo electrónico.
- Axenda.
- Etc.

Son moi intuitivos e sinxelos de utilizar para persoas non avezadas.

¿Cómo podo acceder a un entorno de traballo colaborativo?

Para participar nunha área de traballo, requírese un proceso de inscrición explícito, ben por invitación de outro usuario/a xa rexistrado ou por autorrexistro, para o que unicamente se necesita un enderezo de correo electrónico.

Se eres un investigador ou docente do sistema universitario de Galicia, a tua universidade pode facilitarche o acceso a este servizo. Se pertences ó sistema educativo público galego, podes solicitar o acceso a este recursos á administración da que dependes. En calquera caso, o Cesga dispón de entornos de traballo colaborativo os que podes acceder de valde. Se pertences a unha empresa, e precisas dun entorno de traballo colaborativo para o desenvolvemento de proxectos, podes crear un devalde na rede en Yahoo Groups ou MSN Groups, ou ben, solicitar estes servizos a outras empresas que podes encontrar no directorio de empresas proveedoras de e-learning en Galicia. Por outra banda, se eres unha empresa ofertante de servizos de e-learning, podes instalar o teu propio entorno de traballo. Seguidamente

ofrecémosche un listado de entornos clasificados atendendo ó tipo de licenza comercial ou open source:

Listados de Entornos de Trabajo Colaborativo.

- George Mason University. USA.
- Base de datos con herramientas de comunicación y de trabajo colaborativo gratuitas y comerciales. Universidad de las Islas Baleares.

Entornos de Trabajo Colaborativo (Gratisos ou de código aberto).

- PHPROJEKT.
- BSCW. Basic Support for Cooperative Work.
- MimerDesk.
- SHADOW Networkspace (SNS). Center for Technology Innovations in Education (CTIE). University of Missouri-Columbia.
- phpCollab.
- CHEF. CompreHensive collaborativE Framework. University of Michigan. USA.
- PHP GroupWare.
- EGroupware Enterprise.
- GROUP.longe.
- WEBO.
- Tikiwiki.
- Twiggi.
- AXIS groupware.
- TUTOS.
- ILIAS.

-
- LearnLoop. Web based GroupWare for collaborative learning.
 - Cellarius. Group Collaboration and communication center.
 - CVW. Collaborative Virtual Workspace.
 - Fle3. Future Learning Environment.
 - AUC. Authenticated User Community for Education.

Entornos de Trabajo Colaborativo Comerciais.

- Groove.Desktop Collaboration Software.
- Convea.
- iOfficev4.
- VirtualTek's Joydesk.
- COPPER.
- Centra Symposium.
- iMeet.
- CollabWorx. Integrated Web Collaboration Solutions.
- ISEE.The Interactive Shared Educational Environment.
- WebDemo.
- Netbula.

Artigos de interese.

- Olgúin, Carlos José M.; Delgado, Armando Luiz N.y Ricarte, Ivan Luiz M.(2.000). An Agent Infrastructure to set Collaborative Environments.

- Kjeld Schmidt (2.001). Computer-supported cooperative work and learning.

- Zañartu Correa,Luz María. (2.002). Aprendizaje colaborativo: Una nueva forma de diálogo interpersonal y en red.